Física do século XX

Método e recomendacións

◊ PROBLEMAS

● Efecto fotoeléctrico

1. Ao iluminar un metal con luz de frecuencia $2{,}5\cdot10^{15}$ Hz obsérvase que emite electróns que poden deterse ao aplicar un potencial de freado de 7,2 V. Se a luz que se emprega co mesmo fin é de lonxitude de onda no baleiro $1{,}78\cdot10^{-7}$ m, o devandito potencial pasa a ser de 3,8 V. Determina:
   a) O valor da constante de Planck.
   b) O traballo de extracción do metal.
   Datos: $|q_e| = 1{,}6\cdot10^{-19}$ C; $c = 3\cdot10^8$ m·s⁻¹. *(A.B.A.U. extr. 22)*
   Rta.: a) $h = 6{,}7\cdot10^{-34}$ J·s; b) $W_e = 5\cdot10^{-19}$ J.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Frecuencia da 1.ª radiación	$f_1 = 2{,}50\cdot10^{15}$ Hz
Potencial de freado da 1.ª radiación	$V_1 = 7{,}20$ V
Lonxitude de onda da 2.ª radiación	$\lambda_2 = 1{,}78\cdot10^{-7}$ m
Potencial de freado da 2.ª radiación	$V_2 = 3{,}80$ V
Velocidade da luz no baleiro	$c = 3{,}00\cdot10^8$ m/s
Carga do electrón	$q_e = -1{,}60\cdot10^{-19}$ C
Incógnitas	
Constante de Planck	h
Traballo de extracción	W_e
Ecuacións	
Ecuación de Planck (enerxía do fotón)	$E_f = h \cdot f$
Ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico	$E_f = W_e + E_c$
Relación entre a frecuencia dunha onda luminosa e a súa lonxitude de onda	$c = f \cdot \lambda$
Enerxía cinética	$E_c = ½\, m \cdot v^2$
Relación entre a enerxía cinética dos electróns e o potencial de freado	$E_c = \|e\| \cdot V$

Solución:

Cando a luz interactúa co metal da célula fotoeléctrica faino coma se fose un chorro de partículas chamadas fotóns (paquetes de enerxía).
Cada fotón choca cun electrón e transmítelle toda a súa enerxía.
Para que se produza efecto fotoeléctrico, os electróns emitidos deben ter enerxía suficiente para chegar ao anticátodo, o que ocorre cando a enerxía do fotón é maior que o traballo de extracción, que é unha característica do metal.
A ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico pode escribirse:

$$E_f = W_e + E_c$$

Na ecuación, E_f representa a enerxía do fotón incidente, W_e o traballo de extracción do metal e E_c a enerxía cinética máxima dos electróns (fotoelectróns) emitidos.
A enerxía que leva un fotón de frecuencia f é:

$$E_f = h \cdot f$$

h é a constante de Planck e ten un valor moi pequeno: $h = 6{,}63\cdot10^{-34}$ J·s.
O potencial de freado é a diferencia de potencial que detén o paso de electróns, sendo unha medida da súa enerxía cinética máxima:

$$E_c = q \cdot V$$

A ecuación de Einstein quedaría:

$$h \cdot f = W_e + q \cdot V$$

O traballo de extracción e a constante de Planck poden calcularse resolvendo un sistema de dúas ecuacións con dúas incógnitas:

$$h \cdot f_1 = W_e + q \cdot V_1$$
$$h \cdot f_2 = W_e + q \cdot V_2$$

Expresando a frecuencia f en función da lonxitude de onda λ: $f = c / \lambda$ e substituíndo os datos, quedaría:

$$\begin{cases} h \cdot 2{,}50 \cdot 10^{15} = W_e + 1{,}60 \cdot 10^{-19} \cdot 7{,}20 \\ \dfrac{h \cdot 3{,}00 \cdot 10^{8}}{1{,}78 \cdot 10^{-7}} = W_e + 1{,}60 \cdot 10^{-19} \cdot 3{,}80 \end{cases} \Rightarrow \begin{cases} 2{,}50 \cdot 10^{15} \cdot h = W_e + 1{,}15 \cdot 10^{-18} \\ 1{,}69 \cdot 10^{15} \cdot h = W_e + 6{,}08 \cdot 10^{-19} \end{cases}$$

Restándoas obteríase unha expresión en función de h:

$$0{,}81 \cdot 10^{15} \cdot h = 5{,}4 \cdot 10^{-19}$$

Calcúlase h, despexándoa da relación anterior:

$$h = \frac{5{,}4 \cdot 10^{-19}}{0{,}81 \cdot 10^{15}} = 6{,}7 \cdot 10^{-34} \text{ J·s}$$

Calcúlase o traballo de extracción substituíndo o valor de h na primeira das dúas ecuacións:

$$2{,}50 \cdot 10^{15} \cdot 6{,}7 \cdot 10^{-34} = W_e + 1{,}15 \cdot 10^{-18}$$

$$W_e = 2{,}50 \cdot 10^{15} \cdot 6{,}7 \cdot 10^{-34} - 1{,}15 \cdot 10^{-18} = 5 \cdot 10^{-19} \text{ J} = 3 \text{ eV}$$

Análise: O valor obtido da constante de Planck é bastante parecido a $h = 6{,}62 \cdot 10^{-34}$ J·s. *O valor do traballo de extracción é razoable.*

2. Nunha célula fotoeléctrica, o cátodo ilumínase cunha radiación de lonxitude de onda $\lambda = 3 \cdot 10^{-7}$ m.
   a) Estude se a radiación produce efecto fotoeléctrico, considerando que o traballo de extracción corresponde a unha frecuencia de $7{,}0 \cdot 10^{14}$ Hz.
   b) Calcule a velocidade máxima dos electróns arrancados e a diferenza de potencial que hai que aplicar entre ánodo e cátodo para que se anule a corrente fotoeléctrica.
   DATOS: $|q_e| = 1{,}6 \cdot 10^{-19}$ C; $m_e = 9{,}1 \cdot 10^{-31}$ kg; $c = 3 \cdot 10^8$ m·s⁻¹; $h = 6{,}63 \cdot 10^{-34}$ J·s. *(A.B.A.U. ord. 22)*
   Rta.: b) $v = 6{,}6 \cdot 10^5$ m/s; $V = 1{,}24$ V.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Lonxitude de onda da radiación	$\lambda = 3{,}00 \cdot 10^{-7}$ m
Frecuencia á que corresponde o traballo de extracción do metal	$f = 7{,}00 \cdot 10^{14}$ Hz
Constante de Planck	$h = 6{,}62 \cdot 10^{-34}$ J·s
Velocidade da luz no baleiro	$c = 3{,}00 \cdot 10^{8}$ m/s
Carga do electrón	$q_e = -1{,}60 \cdot 10^{-19}$ C
Masa do electrón	$m_e = 9{,}10 \cdot 10^{-31}$ kg
Incógnitas	
Traballo de extracción	W_e
Enerxía da radiación	E_f
Velocidade máxima coa que son emitidos os electróns	v
Potencial de freado	V
Ecuacións	
Ecuación de Planck (enerxía do fotón)	$E_f = h \cdot f$
Ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico	$E_f = W_e + E_c$
Relación entre a frecuencia dunha onda luminosa e a súa lonxitude de onda	$c = f \cdot \lambda$
Enerxía cinética	$E_c = ½\ m \cdot v^2$
Relación entre a enerxía cinética dos electróns e o potencial de freado	$E_c = \|e\| \cdot V$

Solución:

a) Emprégase a relación entre o traballo de extracción, W_e, e a frecuencia limiar, f_0.
Na ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico substitúese a enerxía do fotón polo seu equivalente na ecuación de Planck:

$$\left.\begin{array}{l} E_f = W_e + E_c \\ E_f = h \cdot f \end{array}\right\} h \cdot f = W_e + E_c$$

A radiación que teña a frecuencia limiar terá a enerxía estritamente necesaria para arrincar o electrón, pero non sobrará nada para comunicarlle enerxía cinética.

$$h \cdot f_0 = W_e + 0$$

A relación entre a frecuencia limiar e o traballo de extracción é:

$$W_e = h \cdot f_0$$

$$W_e = h \cdot f_0 = 6{,}62 \cdot 10^{-34}\ [\text{J·s}] \cdot 7{,}00 \cdot 10^{14}\ [\text{s}^{-1}] = 4{,}63 \cdot 10^{-19}\ \text{J}$$

Calcúlase a frecuencia da radiación coa relación entre a lonxitude de onda e a frecuencia:

$$f = \frac{c}{\lambda} = \frac{3{,}00 \cdot 10^{8}\ [\text{m·s}^{-1}]}{3{,}00 \cdot 10^{-7}\ [\text{m}]} = 1{,}00 \cdot 10^{15}\ \text{Hz}$$

Coa ecuación de Planck calcúlase a enerxía da radiación incidente:

$$E_f = h \cdot f = 6{,}62 \cdot 10^{-34}\ [\text{J·s}] \cdot 1{,}00 \cdot 10^{15}\ [\text{s}^{-1}] = 6{,}62 \cdot 10^{-19}\ \text{J}$$

Vese que é maior que o traballo de extracción, e, polo tanto, produce efecto fotoeléctrico.

b) Para calcular a velocidade máxima dos electróns arrancados hai que calcular antes a enerxía cinética máxima dos electróns emitidos, a partir da ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico:

$$E_c = E_f - W_e = 6{,}62 \cdot 10^{-19}\ [\text{J}] - 4{,}63 \cdot 10^{-19}\ [\text{J}] = 1{,}99 \cdot 10^{-19}\ \text{J}$$

Agora calcúlase a velocidade:

$$E_c = ½\ m \cdot v^2 \Rightarrow\ v = \sqrt{\frac{2\,E_c}{m}} = \sqrt{\frac{2 \cdot 1{,}99 \cdot 10^{-19}\ [\text{J}]}{9{,}1 \cdot 10^{-31}\ [\text{kg}]}} = 6{,}60 \cdot 10^{5}\ \text{m/s}$$

Calcúlase o potencial de freado na ecuación que o relaciona coa enerxía cinética:

$$E_c = |e| \cdot V \Rightarrow\ V = \frac{E_c}{|e|} = \frac{1{,}99 \cdot 10^{-19}\ [\text{J}]}{1{,}60 \cdot 10^{-19}\ [\text{C}]} = 1{,}24\ \text{V}$$

3. Ilumínase un metal con luz monocromática dunha certa lonxitude de onda. Se o traballo de extracción é de $4{,}8 \cdot 10^{-19}$ J e o potencial de freado é de 2,0 V, calcula:
   a) A velocidade máxima dos electróns emitidos.
   b) A lonxitude de onda da radiación incidente.
   c) Representa graficamente a enerxía cinética máxima dos electróns emitidos en función da frecuencia da luz incidente.
   DATOS: $|q_e| = 1{,}6 \cdot 10^{-19}$ C; $m_e = 9{,}1 \cdot 10^{-31}$ kg; $h = 6{,}63 \cdot 10^{-34}$ J·s⁻¹; $c = 3 \cdot 10^{8}$ m·s⁻¹. *(A.B.A.U. extr. 19)*
   Rta.: a) $v = 8{,}4 \cdot 10^{5}$ m/s; b) λ = 250 nm.

Datos	**Cifras significativas: 2**
Traballo de extracción do metal	$W_e = 4{,}8 \cdot 10^{-19}$ J
Potencial de freado	$V = 2{,}0$ V
Constante de Planck	$h = 6{,}63 \cdot 10^{-34}$ J·s
Velocidade da luz no baleiro	$c = 3{,}0 \cdot 10^{8}$ m/s
Carga do electrón	$\lvert e \rvert = 1{,}6 \cdot 10^{-19}$ C
Masa do electrón	$m_e = 9{,}1 \cdot 10^{-31}$ kg
Incógnitas	
Velocidade máxima dos electróns emitidos	v
Lonxitude de onda da radiación incidente	λ
Ecuacións	
Ecuación de Planck (enerxía do fotón)	$E_f = h \cdot f$
Ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico	$E_f = W_e + E_c$
Relación entre a frecuencia dunha onda luminosa e a súa lonxitude de onda	$c = f \cdot \lambda$
Enerxía cinética	$E_c = ½\ m \cdot v^2$

Ecuacións

Relación entre a enerxía cinética dos electróns e o potencial de freado $E_c = |e| \cdot V$

Solución:

a) A enerxía cinética máxima dos electróns emitidos calcúlase a partir do potencial de freado:

$$E_c = |e| \cdot V = 1{,}6 \cdot 10^{-19} \text{ [C]} \cdot 2{,}0 \text{ [V]} = 3{,}2 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

A velocidade calcúlase a partir da expresión da enerxía cinética:

$$E_c = ½\ m \cdot v^2 \Rightarrow v = \sqrt{\frac{2\, E_c}{m}} = \sqrt{\frac{2 \cdot 3{,}2 \cdot 10^{-20} \text{ [J]}}{9{,}1 \cdot 10^{-31} \text{ [kg]}}} = 8{,}4 \cdot 10^5 \text{ m/s}$$

b) Calcúlase a enerxía da radiación empregando a ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico:

$$E_f = W_e + E_c = 4{,}8 \cdot 10^{-19} \text{ [J]} + 3{,}2 \cdot 10^{-19} \text{ [J]} = 8{,}0 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

A frecuencia dos fotóns incidentes calcúlase empregando a ecuación de Planck:

$$E_f = h \cdot f \Rightarrow f = \frac{E_f}{h} = \frac{8{,}0 \cdot 10^{-19} \text{ [J]}}{6{,}63 \cdot 10^{-34} \text{ [J·s]}} = 1{,}2 \cdot 10^{15} \text{ s}^{-1} = 1{,}2 \cdot 10^{15} \text{ Hz}$$

A lonxitude de onda dos fotóns calcúlase empregando a relación entre a frecuencia e a lonxitude de onda:

$$f = \frac{c}{\lambda} \Rightarrow \lambda = \frac{c}{f} = \frac{3{,}0 \cdot 10^8 \text{ [m/s]}}{1{,}2 \cdot 10^{15} \text{ [s}^{-1}\text{]}} = 2{,}5 \cdot 10^{-7} \text{ m} = 250 \text{ nm}$$

c) Calcúlase a frecuencia limiar combinando as ecuacións de Planck e Einstein:

$$W_e = h \cdot f_0$$

$$f_0 = \frac{W_e}{h} = \frac{4{,}8 \cdot 10^{-19} \text{ [J]}}{6{,}63 \cdot 10^{-24} \text{ [J·s]}} = 7{,}2 \cdot 10^{14} \text{ s}^{-1}$$

Por debaixo da frecuencia limiar non hai electróns.
Faise unha táboa con valores da frecuencia maiores ao valor da frecuencia limiar, e calcúlase a enerxía cinética dos electróns coa ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico.
A gráfica podería ser como a seguinte:



4. O traballo de extracción para o sodio é de 2,50 eV. Calcula:
   a) A lonxitude de onda da radiación que debemos usar para que a velocidade máxima dos electróns emitidos sexa de $1{,}00 \cdot 10^7$ m·s⁻¹.
   b) O potencial de freado.
   c) A lonxitude de onda de De Broglie asociada aos electróns emitidos polo metal con velocidade máxima.

   Datos: $h = 6{,}63 \cdot 10^{-34}$ J·s; $c = 3 \cdot 10^8$ m·s⁻¹; $|q(e)| = 1{,}6 \cdot 10^{-19}$ C; 1 nm = 10^{-9} m; $m(e) = 9{,}1 \cdot 10^{-31}$.

   (A.B.A.U. extr. 18)

   Rta.: a) λ = 4,33 nm; b) V = 284 V; c) λ_B = 72,9 pm.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Traballo de extracción do sodio	W_e = 2,50 eV
Velocidade dos electróns emitidos	$v = 1{,}00 \cdot 10^7$ m/s
Constante de Planck	$h = 6{,}63 \cdot 10^{-34}$ J·s
Velocidade da luz no baleiro	$c = 3{,}00 \cdot 10^8$ m/s
Masa do electrón	$m_e = 9{,}10 \cdot 10^{-31}$ kg
Carga do electrón	$|q_e| = 1{,}60 \cdot 10^{-19}$ C
Incógnitas	
Lonxitude de onda incidente para que a velocidade dos electróns emitidos sexa $1{,}00 \cdot 10^7$ m/s	λ

Incógnitas

Potencial de freado	V
Lonxitude de onda de De Broglie asociada aos electróns	λ_B
Outros símbolos	
Enerxía do fotón	E_f
Ecuacións	
Ecuación de Planck (enerxía do fotón)	$E_f = h \cdot f$
Ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico	$E_f = W_e + E_c$
Relación entre a frecuencia limiar e o traballo de extracción	$W_e = h \cdot f_0$
Relación entre a frecuencia dunha onda luminosa e a súa lonxitude de onda	$c = f \cdot \lambda$
Enerxía cinética	$E_c = ½\, m \cdot v^2$
Lonxitude de onda de De Broglie	$\lambda = \frac{h}{m \cdot v}$

Solución:

a) Calcúlase o traballo de extracción en unidades do S.I.:

$$W_e = 2{,}50\,[\text{eV}] \cdot \frac{1{,}60 \cdot 10^{-19}\,[\text{C}]}{1\,[\text{e}]} = 4{,}00 \cdot 10^{-19}\ \text{C·V} = 4{,}00 \cdot 10^{-19}\ \text{J}$$

Calcúlase a enerxía cinética máxima dos electróns emitidos:

$$E_c = m \cdot v^2 / 2 = 9{,}10 \cdot 10^{-31}\,[\text{kg}] \cdot (1{,}00 \cdot 10^7\,[\text{m/s}])^2 / 2 = 4{,}55 \cdot 10^{-17}\ \text{J}$$

Calcúlase a enerxía da radiación empregando a ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico:

$$E_f = W_e + E_c = 4{,}00 \cdot 10^{-19}\,[\text{J}] + 4{,}55 \cdot 10^{-17}\,[\text{J}] = 4{,}59 \cdot 10^{-17}\ \text{J}$$

Calcúlase a frecuencia dos fotóns incidentes empregando a ecuación de Planck:

$$E_f = h \cdot f \Rightarrow \quad f = \frac{E_f}{h} \quad = \frac{4{,}59 \cdot 10^{-17}\,[\text{J}]}{6{,}63 \cdot 10^{-34}\,[\text{J·s}]} = 6{,}93 \cdot 10^{16}\ \text{s}^{-1} = 6{,}93 \cdot 10^{16}\ \text{Hz}$$

Calcúlase a lonxitude de onda dos fotóns empregando a relación entre a frecuencia e a lonxitude de onda:

$$f = \frac{c}{\lambda} \Rightarrow \quad \lambda = \frac{c}{f} \quad = \frac{3{,}00 \cdot 10^8\,[\text{m/s}]}{6{,}93 \cdot 10^{16}\,[\text{s}^{-1}]} = 4{,}32 \cdot 10^{-9}\ \text{m} = 4{,}32\ \text{nm}$$

b) Calcúlase o potencial de freado na ecuación que o relaciona coa enerxía cinética:

$$E_c = |e| \cdot V \Rightarrow V = \frac{E_c}{|e|} = \frac{4{,}55 \cdot 10^{-17}\,[\text{J}]}{1{,}60 \cdot 10^{-19}\,[\text{C}]} = 284\ \text{V}$$

c) Calcúlase a lonxitude de onda asociada aos electróns empregando a ecuación de De Broglie.
A interpretación de Einstein do efecto fotoeléctrico demostrou que a luz se comporta como un chorro de partículas, chamadas fotóns, cuxa enerxía é proporcional á frecuencia:

$$E = h \cdot f$$

No efecto Compton, o fotón compórtase como unha partícula de momento lineal:

$$p = \frac{E}{c} = \frac{h \cdot f}{c} = \frac{h \cdot f}{\lambda \cdot f} = \frac{h}{\lambda}$$

Como xa estaba establecido que a luz se propaga como unha onda, propúxose que o comportamento era dual: nalgúns experimentos o comportamento da luz parece ser corpuscular e noutros, ondulatorio.
De Broglie propuxo que este comportamento dual tamén afecto a calquera partícula. Nalgúns casos o comportamento de certas partículas podería interpretarse como o de ondas cuxa lonxitude de onda asociada λ vén dada pola expresión:

$$\lambda = \frac{h}{p} = \frac{h}{m \cdot v}$$

h é a constante de Planck, m é a masa da partícula e v é a súa velocidade.
Calcúlase a lonxitude de onda de De Broglie:

$$\lambda_B = \frac{h}{m \cdot v} = \frac{6{,}63 \cdot 10^{-34}\ [\mathrm{J \cdot s}]}{9{,}10 \cdot 10^{-31}\ [\mathrm{kg}] \cdot 1{,}00 \cdot 10^{7}\ [\mathrm{m/s}]} = 7{,}29 \cdot 10^{-11}\ \mathrm{m} = 72{,}9\ \mathrm{pm}$$

5. Unha radiación monocromática que ten unha lonxitude de onda de 600 nm penetra nunha célula fotoeléctrica de cátodo de cesio cuxo traballo de extracción é $3{,}2 \cdot 10^{-19}$ J. Calcula:
   a) A lonxitude de onda limiar para o cesio.
   b) A enerxía cinética máxima dos electróns emitidos.
   c) O potencial de freado.
   DATOS: $h = 6{,}62 \cdot 10^{-34}$ J·s; $c = 3 \cdot 10^{8}$ m·s⁻¹; $q_e = -1{,}6 \cdot 10^{-19}$ C; 1 nm = 10^{-9} m *(A.B.A.U. ord. 18)*
   Rta.: a) λ_0 = 621 nm; b) $E_c = 1{,}1 \cdot 10^{-20}$ J; c) V = 0,069 V.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Lonxitude de onda da radiación	λ = 600 nm = $6{,}00 \cdot 10^{-7}$ m
Traballo de extracción do metal	$W_e = 3{,}20 \cdot 10^{-19}$ J
Constante de Planck	$h = 6{,}62 \cdot 10^{-34}$ J·s
Velocidade da luz no baleiro	$c = 3{,}00 \cdot 10^{8}$ m/s
Carga do electrón	$q_e = -1{,}60 \cdot 10^{-19}$ C
Incógnitas	
Lonxitude de onda limiar	λ_0
Enerxía cinética máxima coa que son emitidos os electróns	E_c
Potencial de freado	V
Ecuacións	
Ecuación de Planck (enerxía do fotón)	$E_f = h \cdot f$
Ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico	$E_f = W_e + E_c$
Relación entre a frecuencia dunha onda luminosa e a súa lonxitude de onda	$c = f \cdot \lambda$
Enerxía cinética	$E_c = ½\ m \cdot v^2$
Relación entre a enerxía cinética dos electróns e o potencial de freado	$E_c = \lvert e \rvert \cdot V$

Solución:

Cando a luz interactúa co metal da célula fotoeléctrica faino coma se fose un chorro de partículas chamadas fotóns (paquetes de enerxía).
Cada fotón choca cun electrón e transmítelle toda a súa enerxía.
Para que se produza efecto fotoeléctrico, os electróns emitidos deben ter enerxía suficiente para chegar ao anticátodo, o que ocorre cando a enerxía do fotón é maior que o traballo de extracción, que é unha característica do metal.
A ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico pode escribirse:

$$E_f = W_e + E_c$$

Na ecuación, E_f representa a enerxía do fotón incidente, W_e o traballo de extracción do metal e E_c a enerxía cinética máxima dos electróns (fotoelectróns) emitidos.
A enerxía que leva un fotón de frecuencia f é:

$$E_f = h \cdot f$$

h é a constante de Planck e ten un valor moi pequeno: $h = 6{,}63 \cdot 10^{-34}$ J·s.

a) A lonxitude de onda limiar corresponde a unha radiación coa enerxía mínima para provocar o efecto fotoeléctrico.
Na ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico substitúese a enerxía do fotón polo seu equivalente na ecuación de Planck:

$$\left.\begin{array}{l} E_f = W_e + E_c \\ E_f = h \cdot f \end{array}\right\} h \cdot f = W_e + E_c$$

A radiación que teña a frecuencia limiar terá a enerxía estritamente necesaria para arrincar o electrón, pero non sobrará nada para comunicarlle enerxía cinética.

$$h \cdot f_0 = W_e + 0$$

A relación entre a frecuencia limiar e o traballo de extracción é:

$$W_e = h \cdot f_0$$

Calcúlase a frecuencia, despexándoa da relación anterior:

$$f_0=\frac{W_e}{h}=\frac{3{,}20\cdot 10^{-19}\,[\mathrm{J}]}{6{,}62\cdot 10^{-24}\,[\mathrm{J\cdot s}]}=4{,}83\cdot 10^{14}\ \mathrm{s}^{-1}$$

Calcúlase a lonxitude de onda limiar, despexándoa na relación entre frecuencia e lonxitude de onda:

$$\lambda_0=\frac{c}{f_0}=\frac{3{,}00\cdot 10^{8}\,[\mathrm{m\cdot s^{-1}}]}{4{,}83\cdot 10^{14}\,[\mathrm{s^{-1}}]}=6{,}21\cdot 10^{-7}\ \mathrm{m}=621\ \mathrm{nm}$$

c) Para calcular a enerxía cinética máxima dos electróns emitidos emprégase ecuación de Einstein:

$$E_c = E_f - W_e$$

Calcúlase antes a enerxía dos fotóns, despois de substituír a frecuencia pola súa expresión en función da lonxitude de onda:

$$E_f=h\cdot f=\frac{h\cdot c}{\lambda}=\frac{6{,}62\cdot 10^{-34}\,[\mathrm{J\cdot s}]\cdot 3{,}00\cdot 10^{8}\,[\mathrm{m\cdot s^{-1}}]}{6{,}00\cdot 10^{-7}\,[\mathrm{m}]}=3{,}31\cdot 10^{-19}\ \mathrm{J}$$

Calcúlase entón a enerxía cinética máxima dos electróns emitidos:

$$E_c = 3{,}31\cdot 10^{-19}\ [\mathrm{J}] - 3{,}20\cdot 10^{-19}\ [\mathrm{J}] = 1{,}1\cdot 10^{-20}\ \mathrm{J}$$

b) Calcúlase o potencial de freado na ecuación que o relaciona coa enerxía cinética:

$$E_c = |e| \cdot V \Rightarrow V=\frac{E_c}{|e|}=\frac{1{,}1\cdot 10^{-20}\,[\mathrm{J}]}{1{,}60\cdot 10^{-19}\,[\mathrm{C}]}=0{,}069\ \mathrm{V}$$

● Desintegración radioactiva

1. Nunha peza extraída dunha central nuclear existen 10^{20} núcleos dun material radioactivo cun período de semidesintegración de 29 anos.
   a) Calcula o número de núcleos que se desintegran no primeiro ano.
   b) Se a peza é considerada segura cando a súa actividade é menor de 600 Bq, determine cantos anos deben transcorrer para alcanzar ese valor.

   (A.B.A.U. extr. 24)

   Rta.: a) $\Delta N = 2{,}4\cdot 10^{18}$ núcleos; b) $\Delta t = 780$ anos.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Período de semidesintegración	$T_{½} = 29$ anos $= 9{,}15\cdot 10^{8}$ s
Cantidade da mostra	$N_0 = 1{,}00\cdot 10^{20}$ núcleos
Tempo transcorrido	$t = 1{,}00$ ano
Actividade final	$A = 600$ Bq
Incógnitas	
Número de núcleos que se desintegran no primeiro ano	ΔN
Tempo para que a actividade sexa de 600 Bq	Δt
Outros símbolos	
Constante de desintegración radioactiva	λ
Ecuacións	
Lei da desintegración radioactiva	$N=N_0\cdot e^{-\lambda\cdot t}$
Relación do período de semidesintegración coa constante de desintegración	$T_{½}\cdot\lambda = \ln 2$
Actividade radioactiva	$A = -\mathrm{d}N / \mathrm{d}t = \lambda\cdot N$

Solución:

a) Dedúcese a relación entre o período de semidesintegración e a constante de desintegración.

A lei de desintegración radioactiva, que di que o número de átomos que se desintegran na unidade de tempo é proporcional á cantidade de átomos presentes, ($-dN = \lambda \cdot N \cdot dt$), pode expresarse como:

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

N é a cantidade de átomos que quedan sen desintegrar ao cabo dun tempo t, N_0 é a cantidade inicial de átomos e λ é a constante de desintegración.
Obtense unha versión máis manexable da ecuación de desintegración radioactiva, $N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$, pasando N_0 ao outro membro, aplicando logaritmos neperianos e cambiando o signo:

$$-\ln (N / N_0) = \ln (N_0 / N) = \lambda \cdot t$$

O período de semidesintegración dunha substancia radioactiva é o tempo que transcorre ata que só queda a metade da mostra orixinal. Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$.
Poñendo na ecuación logarítmica: ($2N$) en lugar de N_0, e $T_{1/2}$ en vez de t, queda:

$$\ln (2N / N) = \lambda \cdot T_{1/2} \qquad \Rightarrow \lambda \cdot T_{1/2} = \ln 2$$

Calcúlase o período de semidesintegración en segundos:

$$T_{1/2} = 29{,}0 \text{ [anos]} \frac{365{,}25 \text{ [días]}}{1 \text{ [ano]}} \frac{24{,}0 \text{ [h]}}{1 \text{ [día]}} \frac{3600 \text{ [s]}}{1 \text{ [h]}} = 9{,}15 \cdot 10^8 \text{ s}$$

Calcúlase a constante radioactiva:

$$\lambda = \frac{\ln 2}{T_{1/2}} = \frac{0{,}693}{29{,}0 \text{ [anos]}} = 0{,}023\ 9 \text{ [anos]}^{-1} = \frac{0{,}693}{9{,}15 \cdot 10^8 \text{ [s]}} = 7{,}57 \cdot 10^{-10} \text{ s}^{-1}$$

Aplícase a lei de desintegración radioactiva:

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t} = 1{,}00 \cdot 10^{20} \text{ [núcleos]} \cdot e^{0{,}023\ 9 [\text{ano}^{-1}] \cdot 1{,}00 [\text{anos}]} = 7{,}39 \cdot 10^{10} \text{ núcleos quedan sen desintegrar.}$$

Polo tanto desintegráronse:

$$\Delta N = 1{,}00 \cdot 10^{20} - 9{,}76 \cdot 10^{19} = 2{,}4 \cdot 10^{18} \text{ núcleos}$$

b) Calcúlase a cantidade de núcleos que producen esa actividade radioactiva:

$$A = \lambda \cdot N \Rightarrow N = \frac{A}{\lambda} = \frac{600 \text{ [Bq]}}{7{,}57 \cdot 10^{-10} \text{ [s}^{-1}\text{]}} = 7{,}93 \cdot 10^{11} \text{ núcleos}$$

Calcúlase o tempo, coa ecuación de desintegración en versión logarítmica:

$$t = \frac{\ln(N_0 / N)}{\lambda} = \frac{\ln(1{,}00 \cdot 10^{20} / 7{,}93 \cdot 10^{11})}{0{,}023\ 9 \text{ [anos}^{-1}\text{]}} = 780 \text{ anos}$$

2. Marie Curie recibiu o Premio Nobel de Química en 1911 polo descubrimento do radio. Se nese mesmo ano se gardasen no seu laboratorio 2,00 g de radio-226, calcula:
   a) A cantidade de radio que quedaría e a actividade da mostra na actualidade.
   b) Os anos que pasarían ata que a mostra de radio se reducise ó 1 % do seu valor inicial.
   DATOS: $N_A = 6{,}02 \cdot 10^{23}$ mol⁻¹. Tempo de semidesintegración do radio = $1{,}59 \times 10^3$ anos. *(A.B.A.U. ord. 24)*
   Rta.: a) $m = 1{,}90$ g; $A = 7{,}01 \cdot 10^{10}$ Bq; b) $t = 1{,}06 \cdot 10^4$ anos

Datos	***Cifras significativas: 3***
Período de semidesintegración	$T_{½} = 1{,}59 \cdot 10^3$ anos = $5{,}02 \cdot 10^{10}$ s
Masa inicial da mostra	$m_0 = 2{,}00$ g
Tempo para calcular a actividade	$t = 2024 - 1911 = 113$ anos
Porcentaxe que quedaría nun certo tempo	$r = 1{,}00$ %
Masa atómica do ^{226}Ra	$M = 226$ g/mol
Número de Avogadro	$N_A = 6{,}02 \cdot 10^{23}$ mol^{-1}
Incógnitas	
Masa (cantidade?) de radio que quedaría na actualidade.	m
Actividade da mostra na actualidade	A
Tempo ata que a mostra de radio se reducise ó 1 % do seu valor inicial	t

Outros símbolos
Constante de desintegración radioactiva λ
Ecuacións
Lei da desintegración radioactiva $N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$
Relación do período de semidesintegración coa constante de desintegración $T_{½} \cdot \lambda = \ln 2$
Actividade radioactiva $A = -\mathrm{d}N / \mathrm{d}t = \lambda \cdot N$

Solución:

a) Pódese calcular o número de átomos a partir da expresión da actividade radioactiva.
A lei de desintegración radioactiva, que di que o número de átomos que se desintegran na unidade de tempo é proporcional á cantidade de átomos presentes, ($-\mathrm{d}N = \lambda \cdot N \cdot \mathrm{d}t$), pode expresarse como:

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

N é a cantidade de átomos que quedan sen desintegrar ao cabo dun tempo t, N_0 é a cantidade inicial de átomos e λ é a constante de desintegración.
Obtense unha versión máis manexable da ecuación de desintegración radioactiva, $N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$, pasando N_0 ao outro membro, aplicando logaritmos neperianos e cambiando o signo:

$$-\ln (N / N_0) = \ln (N_0 / N) = \lambda \cdot t$$

O período de semidesintegración dunha substancia radioactiva é o tempo que transcorre ata que só queda a metade da mostra orixinal. Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$.
Poñendo na ecuación logarítmica: ($2\,N$) en lugar de N_0, e $T_{1/2}$ en vez de t, queda:

$$\ln (2\,N / N) = \lambda \cdot T_{1/2} \qquad \Rightarrow \lambda \cdot T_{1/2} = \ln 2$$

Calcúlase o período de semidesintegración en segundos:

$$T_{1/2} = 1{,}59 \cdot 10^3 \text{ [anos]} \frac{365{,}25 \text{ [días]}}{1 \text{ [ano]}} \frac{24{,}0 \text{ [h]}}{1 \text{ [día]}} \frac{3600 \text{ [s]}}{1 \text{ [h]}} = 5{,}02 \cdot 10^{10} \text{ s}$$

Calcúlase a constante λ de desintegración radioactiva, a partir do período de semidesintegración:

$$\lambda = \frac{\ln 2}{T_{1/2}} = \frac{0{,}693}{5{,}02 \cdot 10^{10} \text{ [s]}} = 1{,}38 \cdot 10^{-11} \text{ s}^{-1}$$

Dedúcese a lei da desintegración radioactiva en función da masa.
Como a masa, m, é proporcional á cantidade de átomos, N: ($m = N \cdot M / N_A$), pódese obter unha expresión similar á lei da desintegración radioactiva, $N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$, multiplicando ambos os membros por (M / N_A):

$$N \cdot \frac{M}{N_A} = N_0 \cdot \frac{M}{N_A} e^{-\lambda t} \Rightarrow m = m_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

N_A é o número de Avogadro e M é a masa atómica do elemento.
Calcúlase o tempo transcorrido desde o descubrimento do raio:

$$t = (2024 - 1911) \text{ [anos]} \frac{365{,}25 \text{ [días]}}{1 \text{ [ano]}} \frac{24{,}0 \text{ [h]}}{1 \text{ [día]}} \frac{3600 \text{ [s]}}{1 \text{ [h]}} = 3{,}57 \cdot 10^9 \text{ s}$$

Calcúlase a masa actual da mostra:

$$m = m_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t} = 2{,}00 \text{ [g]} \cdot e^{-1{,}38 \cdot 10^{-11} [\text{s}^{-1}] \cdot 3{,}57 \cdot 10^9 [\text{s}]} = 1{,}90 \text{ g}$$

Análise: 113 *anos son menos da* 1/10 de *período de semidesintegración, polo que a masa que debe quedar debe ser un pouco menos ca inicial* (2 g)*, o que está de acordo co resultado.*
A actividade radioactiva é o número de átomos que se desintegran nun segundo. É proporcional á cantidade de substancia radioactiva, sendo λ, a constante radioactiva, característica de cada isótopo.

$$A = \frac{-\mathrm{d}N}{\mathrm{d}t} = \lambda \cdot N$$

Calcúlase o número de átomos actual co número de Avogadro:

$$N=\frac{m}{M}\cdot N_A=\frac{1,90\ [\text{g}]}{226\ [\text{g/mol}]}\cdot 6,02\cdot 10^{23}\ [\text{átomos/mol}]=5,07\cdot 10^{21}\ \text{átomos}$$

Calcúlase a actividade radioactiva, que é proporcional á cantidade de átomos:

$$A=\lambda\cdot N=1,38\cdot 10^{-11}\ [\text{s}^{-1}]\cdot 5,07\cdot 10^{21}\ [\text{átomos}]=7,01\cdot 10^{10}\ \text{Bq}$$

b) Se a cantidade que queda nun tempo é o 1 % da inicial, pódese calcular ese tempo coa expresión logarítmica da lei de desintegración radioactiva:

$$\ln (N_0 / N) = \lambda \cdot t \Rightarrow \quad t=\frac{\ln(N/N_0)}{\lambda}=\frac{\ln(0,01\,\text{N} / \text{N})}{\lambda}=\frac{\ln 0,01}{1,38\cdot 10^{-11}\ [\text{s}^{-1}]}=3,33\cdot 10^{11}\ \text{s}$$

Pódese calcular ese tempo en anos:

$$t=3,33\cdot 10^{11}\ [\text{s}]\frac{1\ [\text{h}]}{3600\ [\text{s}]}\ \frac{1\ [\text{día}]}{24,0\ [\text{h}]}\ \frac{1\ [\text{ano}]}{365,25\ [\text{días}]}=1,06\cdot 10^{4}\ \text{anos}$$

Análise: O 1 % (= 0,01) *está comprendido entre* $(1/2)^6$ = 1/64 = 0,016 *e* $(1/2)^7$ = 1/128 = 0,08*, polo que deberán transcorrer máis de* 6 *períodos* (6 · 1,59·10³ ≈ 9,5·10³ *anos*)*, pero menos de* 7, (≈1,1·10⁴ *anos*)*. O resultado calculado cumpre estes requisitos.*

3. O $^{210}_{82}\text{Pb}$ transfórmase en polonio ao emitir dúas partículas beta e posteriormente, por emisión dunha partícula alfa, obtense chumbo.
   a) Escribe as reaccións nucleares descritas.
   b) O período de semidesintegración do $^{210}_{82}\text{Pb}$ é de 22,3 anos. Se tiñamos inicialmente 3 moles de átomos dese elemento e transcorreron 100 anos, calcula o número de núcleos radioactivos que quedan sen desintegrar e a actividade inicial da mostra.
   DATO: N_A = 6,02·10²³ mol⁻¹. *(A.B.A.U. ord. 23)*
   Rta.: a) $^{210}_{82}\text{Pb}\rightarrow {}^{210}_{83}\text{Bi}+{}^{0}_{-1}\text{e}\rightarrow {}^{210}_{84}\text{Po}+{}^{0}_{-1}\text{e}\rightarrow {}^{206}_{82}\text{Pb}+{}^{4}_{2}\text{He}$; b) N = 8,07·10²² núcleos; A_0 = 1,78·10¹⁵ Bq.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Período de semidesintegración	$T_{½}$ = 22,3 anos = 7,04·10⁸ s
Cantidade da mostra	n_0 = 3,00 mol
Número de Avogadro	N_A = 6,02·10²³ mol⁻¹
Tempo transcorrido	t = 100 anos
Incógnitas	
Número de núcleos que queda sen desintegrar despois de 100 anos	N
Actividade inicial	A_0
Outros símbolos	
Constante de desintegración radioactiva	λ
Ecuacións	
Lei da desintegración radioactiva	$N=N_0\cdot e^{-\lambda\cdot t}$
Relación do período de semidesintegración coa constante de desintegración	$T_{½}\cdot\lambda = \ln 2$
Actividade radioactiva	$A = -\text{d}\,N / \text{d}\,t = \lambda\cdot N$

Solución:

a) As partículas alfa son núcleos de helio, $^{4}_{2}\text{He}$, e as partículas beta electróns, $^{0}_{-1}\text{e}$.
As reaccións nucleares, aplicando os principios de conservación do número bariónico (ou número másico) e da carga, son:

$$^{210}_{82}\text{Pb}\rightarrow {}^{210}_{83}\text{Bi}+{}^{0}_{-1}\text{e}\rightarrow {}^{210}_{84}\text{Po}+{}^{0}_{-1}\text{e}\rightarrow {}^{206}_{82}\text{Pb}+{}^{4}_{2}\text{He}$$

b) Dedúcese a relación entre o período de semidesintegración e a constante de desintegración.
A lei de desintegración radioactiva, que di que o número de átomos que se desintegran na unidade de tempo é proporcional á cantidade de átomos presentes, (-dN = $\lambda\cdot N\cdot$ dt), pode expresarse como:

$$N=N_0\cdot e^{-\lambda\cdot t}$$

N é a cantidade de átomos que quedan sen desintegrar ao cabo dun tempo t, N_0 é a cantidade inicial de átomos e λ é a constante de desintegración.
Obtense unha versión máis manexable da ecuación de desintegración radioactiva, $N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$, pasando N_0 ao outro membro, aplicando logaritmos neperianos e cambiando o signo:

$$-\ln (N / N_0) = \ln (N_0 / N) = \lambda \cdot t$$

O período de semidesintegración dunha substancia radioactiva é o tempo que transcorre ata que só queda a metade da mostra orixinal. Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$.
Poñendo na ecuación logarítmica: ($2\ N$) en lugar de N_0, e $T_{1/2}$ en vez de t, queda:

$$\ln (2\ N / N) = \lambda \cdot T_{1/2} \qquad \Rightarrow \lambda \cdot T_{1/2} = \ln 2$$

Calcúlase o período de semidesintegración en segundos:

$$T_{1/2} = 22{,}3\ [\text{anos}] \frac{365{,}25\ [\text{días}]}{1\ [\text{ano}]} \frac{24{,}0\ [\text{h}]}{1\ [\text{día}]} \frac{3600\ [\text{s}]}{1\ [\text{h}]} = 7{,}04 \cdot 10^{8}\ \text{s}$$

Calcúlase a constante radioactiva:

$$\lambda = \frac{\ln 2}{T_{1/2}} = \frac{0{,}693}{22{,}3\ [\text{años}]} = 0{,}031\ 1 [\text{ano}^{-1}] = \frac{0{,}693}{7{,}04 \cdot 10^{8}\ [\text{s}]} = 9{,}85 \cdot 10^{-10}\ \text{s}^{-1}$$

Calcúlase o número de núcleos que hai en 3 mol de ^{210}Pb:

$$N_0 = \frac{3{,}00\ [\text{mol Pb}] \cdot 6{,}02 \cdot 10^{23}\ [\text{átomos Pb}]}{1\ [\text{mol Pb}]} \frac{1\ [\text{núcleo Pb}]}{1\ [\text{átomo Pb}]} = 1{,}81 \cdot 10^{24}\ [\text{núcleos Pb}]$$

Aplícase la lei de desintegración radioactiva:

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t} = 1{,}81 \cdot 10^{24}\ [\text{núcleos}] \cdot e^{0{,}031\ 1 [\text{ano}^{-1}] \cdot 100\ [\text{anos}]} = 8{,}07 \cdot 10^{22}\ \text{núcleos quedan sen desintegrar.}$$

Calcúlase a actividade inicial:

$$A_0 = \lambda \cdot N_0 = 9{,}85 \cdot 10^{-10}\ [\text{s}^{-1}] \cdot 1{,}81 \cdot 10^{24}\ [\text{núcleos}] = 1{,}78 \cdot 10^{15}\ \text{Bq}$$

4. Nun laboratorio recíbense 100 g dun isótopo descoñecido. Transcorridas 2 horas desintegrouse o 20 % da masa inicial do isótopo. Calcula:
   a) A constante radioactiva.
   b) O período de semidesintegración do isótopo e a masa que fica do isótopo orixinal transcorridas 20 horas.

(A.B.A.U. ord. 21)

Rta.: a) $\lambda = 3{,}10 \cdot 10^{-5}\ \text{s}^{-1}$; b) $T_{½} = 6$ h 13 min; $m = 10{,}7$ g.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Masa inicial	$m_0 = 100$ g
Tempo transcorrido no que se desintegrou o 20 % da masa inicial	$t_d = 2{,}00$ h
Porcentaxe desintegrado da mostra nese tempo	$m_d = 20{,}0\ \%\ m_0 = 0{,}200\ m_0$
Tempo para calcular a masa que fica	$t = 20{,}0$ h
Incógnitas	
Constante radioactiva	λ
Período de semidesintegración	$T_{½}$
Masa que fica ás 20 h	m
Outros símbolos	
Número de átomos iniciais	N_0
Número de átomos ao cabo dun tempo	N
Ecuacións	
Lei da desintegración radioactiva	$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$
Relación entre o período de semidesintegración e a constante de desintegración	$T_{½} = \ln 2 / \lambda$

Solución:

a) Se a masa desintegrada é o 20 % da inicial, fica aínda un 80 %:

$$m = m_0 - m_d = m_0 - 0{,}200\ m_0 = 0{,}800\ m_0$$

A lei de desintegración radioactiva, que di que o número de átomos que se desintegran na unidade de tempo é proporcional á cantidade de átomos presentes, ($-\mathrm{d}N = \lambda \cdot N \cdot \mathrm{d}t$), pode expresarse como:

$$N = N_0 \cdot \mathrm{e}^{-\lambda \cdot t}$$

N é a cantidade de átomos que quedan sen desintegrar ao cabo dun tempo t, N_0 é a cantidade inicial de átomos e λ é a constante de desintegración.
Obtense unha versión máis manexable da ecuación de desintegración radioactiva, $N = N_0 \cdot \mathrm{e}^{-\lambda \cdot t}$, pasando N_0 ao outro membro, aplicando logaritmos neperianos e cambiando o signo:

$$-\ln (N / N_0) = \ln (N_0 / N) = \lambda \cdot t$$

Como a masa, m, é proporcional á cantidade de átomos, N: ($m = N \cdot M / N_A$), pódese obter unha expresión similar, multiplicando N e N_0 por (M / N_A):

$$\lambda \cdot t = \ln \left(\frac{N_0 \cdot M / N_A}{N \cdot M / N_A} \right) = \ln \left(\frac{m_0}{m} \right)$$

N_A é o número de Avogadro e M é a masa atómica do elemento.
Calcúlase a constante de desintegración radioactiva, despexándoa:

$$\lambda = \frac{\ln (m_0 / m)}{t} = \frac{\ln (1 / 0{,}800)}{2{,}00\ [\mathrm{h}]} = 0{,}112\ \mathrm{h}^{-1}$$

O período de semidesintegración dunha substancia radioactiva é o tempo que transcorre ata que só queda a metade da mostra orixinal. Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$.
Poñendo na ecuación logarítmica: ($2\ N$) en lugar de N_0, e $T_{1/2}$ en vez de t, queda:

$$\ln (2\ N / N) = \lambda \cdot T_{1/2} \qquad \Rightarrow \lambda \cdot T_{1/2} = \ln 2$$

b) Calcúlase o período de semidesintegración a partir da constante de desintegración radioactiva:

$$T_{1/2} = \frac{\ln 2}{\lambda} = \frac{0{,}693}{0{,}112\ [\mathrm{h}^{-1}]} = 6{,}21\ \mathrm{h} = 6\ \mathrm{h}\ 13\ \mathrm{min}$$

Da ecuación logarítmica ($\lambda \cdot t = \ln (m_0 / m)$) obtense:

$$m = m_0 \cdot \mathrm{e}^{-\lambda \cdot t}$$

Calcúlase a masa que fica ao cabo de 20 h:

$$m = 100\ [\mathrm{g}] \cdot \mathrm{e}^{-0{,}112\ [\mathrm{h}^{-1}] \cdot 20\ [\mathrm{h}]} = 10{,}7\ \mathrm{g}$$

Análise: 20 *h son algo máis de* 3 *períodos de semidesintegración (*6 h 13 min*), polo que a masa que debe quedar debe ser un pouco menor que* $100 \cdot (1/2)^3 = 12{,}5$ g*, o que está de acordo co resultado.*

5. Nunha cova encóntranse restos orgánicos e ao realizar a proba do carbono-14 obsérvase que a actividade da mostra é de 10^6 desintegracións/s. Sabendo que o período de semidesintegración do carbono-14 é de 5730 anos, calcula:
   a) A masa inicial da mostra.
   b) A masa da mostra cando transcorran 4000 anos.
   DATOS: $N_A = 6{,}02 \cdot 10^{23}\ \mathrm{mol}^{-1}$; $A(^{14}C) = 14$. *(A.B.A.U. ord. 20)*
   Rta.: a) $m_0 = 6{,}06\ \mu\mathrm{g}$; b) $m = 3{,}74\ \mu\mathrm{g}$.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Período de semidesintegración	$T_{½} = 5\ 730$ anos $= 1{,}81 \cdot 10^{11}$ s
Actividade da mostra	$A_0 = 1{,}00 \cdot 10^6$ Bq
Tempo para calcular a actividade	$t = 4000$ anos
Masa atómica do ^{14}C	$M = 14{,}0$ g/mol
Número de Avogadro	$N_A = 6{,}02 \cdot 10^{23}\ \mathrm{mol}^{-1}$
Incógnitas	
Masa inicial da mostra	m_0

Incógnitas

Masa aos 4000 anos A

Outros símbolos

Constante de desintegración radioactiva λ

Ecuacións

Lei da desintegración radioactiva $N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$

Relación do período de semidesintegración coa constante de desintegración $T_{½} \cdot \lambda = \ln 2$

Actividade radioactiva $A = -\mathrm{d}\, N / \mathrm{d}\, t = \lambda \cdot N$

Solución:

a) Pódese calcular o número de átomos a partir da expresión da actividade radioactiva.
A lei de desintegración radioactiva, que di que o número de átomos que se desintegran na unidade de tempo é proporcional á cantidade de átomos presentes, ($-\mathrm{d}N = \lambda \cdot N \cdot \mathrm{d}t$), pode expresarse como:

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

N é a cantidade de átomos que quedan sen desintegrar ao cabo dun tempo t, N_0 é a cantidade inicial de átomos e λ é a constante de desintegración.
Obtense unha versión máis manexable da ecuación de desintegración radioactiva, $N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$, pasando N_0 ao outro membro, aplicando logaritmos neperianos e cambiando o signo:

$$-\ln (N / N_0) = \ln (N_0 / N) = \lambda \cdot t$$

O período de semidesintegración dunha substancia radioactiva é o tempo que transcorre ata que só queda a metade da mostra orixinal. Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$.
Poñendo na ecuación logarítmica: ($2\,N$) en lugar de N_0, e $T_{1/2}$ en vez de t, queda:

$$\ln (2\,N / N) = \lambda \cdot T_{1/2} \qquad \Rightarrow \lambda \cdot T_{1/2} = \ln 2$$

Calcúlase o período de semidesintegración en segundos:

$$T_{1/2} = 5730\ [\text{anos}]\ \frac{365{,}25\ [\text{días}]}{1\ [\text{ano}]}\ \frac{24{,}0\ [\text{h}]}{1\ [\text{día}]}\ \frac{3600\ [\text{s}]}{1\ [\text{h}]} = 1{,}81 \cdot 10^{11}\ \text{s}$$

Calcúlase a constante λ de desintegración radioactiva, a partir do período de semidesintegración:

$$\lambda = \frac{\ln 2}{T_{1/2}} = \frac{0{,}693}{1{,}81 \cdot 10^{11}\ [\text{s}]} = 3{,}83 \cdot 10^{-12}\ \text{s}^{-1} = \frac{0{,}693}{5730\ [\text{anos}]} = 0{,}000175\ \text{ano}^{-1}$$

A actividade radioactiva é o número de átomos que se desintegran nun segundo. É proporcional á cantidade de substancia radioactiva, sendo λ, a constante radioactiva, característica de cada isótopo.

$$A = \frac{-\mathrm{d}\,N}{\mathrm{d}\,t} = \lambda \cdot N$$

Calcúlase o número de átomos inicial despexando na actividade:

$$A = \lambda \cdot N \Rightarrow \quad N_0 = \frac{A_0}{\lambda} = \frac{1{,}00 \cdot 10^{6}\ [\text{Bq}]}{3{,}83 \cdot 10^{-12}\ [\text{s}^{-1}]} = 2{,}61 \cdot 10^{17}\ \text{átomos}$$

Calcúlase a masa, que é proporcional á cantidade de átomos:

$$m_0 = \frac{N_0}{N_\text{A}} \cdot M = \frac{2{,}61 \cdot 10^{17}\ [\text{átomos}]}{6{,}02 \cdot 10^{23}\ [\text{átomos/mol}]} \cdot 14{,}0\ [\text{g/mol}] = 6{,}06 \cdot 10^{-6}\ \text{g} = 6{,}06\ \mu\text{g}$$

Análise: Coa nula precisión do dato da actividade, 10^6 Bq, *o resultado podería ser calquera ente* 0,1 µg *e* 10 µg.

b) Dedúcese a lei da desintegración radioactiva en función da masa.
Como a masa, m, é proporcional á cantidade de átomos, N: ($m = N \cdot M / N_\text{A}$), pódese obter unha expresión similar á lei da desintegración radioactiva, $N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$, multiplicando ambos os membros por (M / N_A):

$$N \cdot \frac{M}{N_\text{A}} = N_0 \cdot \frac{M}{N_\text{A}} e^{-\lambda\, t} \quad \Rightarrow \quad m = m_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

N_A é o número de Avogadro e M é a masa atómica do elemento.
Calcúlase a masa da mostra cando transcorran 4000 anos:

$$m = m_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t} = 6{,}06 \cdot 10^{-6}\ [\text{g}] \cdot e^{-0{,}000175\ [\text{ano}]^{-1} \cdot 4000\ [\text{ano}]} = 3{,}74 \cdot 10^{-6}\ \text{g} = 3{,}74\ \mu\text{g}$$

Análise: 4000 *anos son algo menos que* 1 *período de semidesintegración, polo que a masa que debe quedar debe ser un pouco máis da metade da inicial* (6,06 μg), *o que está de acordo co resultado.*

6. O ^{131}I é un isótopo radioactivo que se utiliza en medicina para o tratamento do hipertiroidismo. O seu período de semidesintegración é de 8 días. Se inicialmente se dispón dunha mostra de 20 mg de ^{131}I:
   a) Calcula a masa que queda sen desintegrar despois de estar almacenada nun hospital 50 días.
   b) Representa nunha gráfica, de forma cualitativa, a variación da masa en función do tempo.
   c) Cal é a actividade inicial de 2 mg de ^{131}I?
   DATO: $N_A = 6{,}022 \cdot 10^{23}$ mol^{-1}. *(A.B.A.U. ord. 18)*
   Rta.: a) m = 0,263 mg; c) $A = 9{,}22 \cdot 10^{12}$ Bq.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Período de semidesintegración	$T_{½}$ = 8,00 días = $6{,}91 \cdot 10^5$ s
Masa da mostra	m_0 = 20,0 mg
Número de Avogadro	$N_A = 6{,}02 \cdot 10^{23}$ mol^{-1}
Masa atómica do iodo	M = 131 g/mol
Tempo transcorrido	t = 50 días = $4{,}32 \cdot 10^6$ s
Incógnitas	
Masa que queda sen desintegrar despois de 50 días	m
Actividade inicial de 2 mg de ^{131}I	A
Outros símbolos	
Constante de desintegración radioactiva	λ
Ecuacións	
Lei da desintegración radioactiva	$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$
Relación entre o período de semidesintegración e a constante de desintegración	$T_{½} = \ln 2 / \lambda$
Actividade radioactiva	$A = -\text{d} N / \text{d} t = \lambda \cdot N$

Solución:

O período de semidesintegración dunha substancia radioactiva é o tempo que transcorre ata que só queda a metade da mostra orixinal. Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$.
Poñendo na ecuación logarítmica: (2 N) en lugar de N_0, e $T_{1/2}$ en vez de t, queda:

$$\ln (2\ N / N) = \lambda \cdot T_{1/2} \qquad \Rightarrow \lambda \cdot T_{1/2} = \ln 2$$

a) Calcúlase o período de semidesintegración en segundos:

$$T_{1/2} = 8{,}00\ [\text{días}] \frac{24{,}0\ [\text{h}]}{1\ [\text{día}]} \frac{3600\ [\text{s}]}{1\ [\text{h}]} = 6{,}91 \cdot 10^5\ \text{s}$$

Calcúlase a constante radioactiva a partir do período de semidesintegración:

$$\lambda = \frac{\ln 2}{T_{1/2}} = \frac{0{,}693}{6{,}91 \cdot 10^5\ [\text{s}]} = 1{,}00 \cdot 10^{-6}\ \text{s}^{-1}$$

Como a masa, m, é proporcional á cantidade de átomos, N: ($m = N \cdot M / N_A$), pódese obter unha expresión similar á lei da desintegración radioactiva, $N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$, multiplicando ambos os membros por (M / N_A):

$$N \cdot \frac{M}{N_A} = N_0 \cdot \frac{M}{N_A} e^{-\lambda t} \Rightarrow m = m_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

N_A é o número de Avogadro e M é a masa atómica do elemento.
Calcúlase a masa que queda sen desintegrar despois de estar almacenada nun hospital 50 días:

$$m = m_0 e^{-\lambda t} = 20{,}0\ [\text{mg}] \cdot e^{-1{,}00 \cdot 10^{-6}\ [\text{s}^{-1}] \cdot 4{,}32 \cdot 10^6\ [\text{s}]} = 0{,}263\ \text{mg}$$

b) A gráfica é unha función exponencial decrecente.



c) Para calcular a actividade calcúlase primeiro o número de átomos que hai en 2 mg de ^{131}I.

$$N=2{,}00\cdot 10^{-3}\text{ g }{}^{131}\text{I}\,\frac{1\text{ mol }{}^{131}\text{I}}{131\text{ g }{}^{131}\text{I}}\,\frac{6{,}02\cdot 10^{23}\text{ átomos }{}^{131}\text{I}}{1\text{ mol }{}^{131}\text{I}}\,\frac{1\text{ núcleo }{}^{131}\text{I}}{1\text{ átomo }{}^{131}\text{I}}=9{,}19\cdot 10^{18}\text{ núcleos }{}^{131}\text{I}$$

Calcúlase agora a actividade:

$$A = \lambda \cdot N = 1{,}00 \cdot 10^{-6}\ [\text{s}^{-1}] \cdot 9{,}19\cdot 10^{18}\ [\text{núcleos}] = 9{,}22\cdot 10^{12}\text{ Bq}$$

7. En 2012 atopouse no Sahara un meteorito que contiña restos de U-238. Sabemos que no momento da súa formación había unha concentración de $5{,}00\cdot 10^{12}$ átomos de U-238 por cm³, mentres que na actualidade a concentración medida é de $2{,}50\cdot 10^{12}$ átomos de U-238 por cm³. Se o tempo de semidesintegración deste isótopo é de $4{,}51\cdot 10^{9}$ anos, determina:
   a) A constante de desintegración do U-238.
   b) A idade do meteorito.
   c) Sabendo que o gas radon resulta da desintegración do U-238, completa a seguinte serie radioactiva coas correspondentes partículas ata chegar ao gas radon:
   $^{238}_{92}\text{U} + \ldots \longrightarrow {}^{234}_{90}\text{Th} + \ldots \longrightarrow {}^{234}_{91}\text{Pa} + \ldots \longrightarrow {}^{234}_{92}\text{U} + \ldots \longrightarrow {}^{230}_{90}\text{Th} + \ldots \longrightarrow {}^{226}_{88}\text{Ra} + \ldots \longrightarrow {}^{222}_{86}\text{Rn}$

(A.B.A.U. extr. 17)

Rta.: a) $\lambda = 4{,}87\cdot 10^{-18}$ s⁻¹; b) $t = 4{,}51\cdot 10^{9}$ anos; c) $^{238}_{92}\text{U}\xrightarrow{\alpha}{}^{234}_{90}\text{Th}\xrightarrow{\beta}{}^{234}_{91}\text{Pa}\xrightarrow{\beta}{}^{234}_{92}\text{U}\xrightarrow{\alpha}{}^{230}_{90}\text{Th}\xrightarrow{\alpha}{}^{226}_{88}\text{Ra}\xrightarrow{\alpha}{}^{222}_{86}\text{Rn}$.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Período de semidesintegración	$T_{½} = 4{,}51\cdot 10^{9}$ anos $= 1{,}42\cdot 10^{17}$ s
Átomos iniciais	$N_0 = 5{,}00\cdot 10^{12}$ átomos/cm³
Átomos actuais	$N = 2{,}50\cdot 10^{12}$ átomos/cm³
Incógnitas	
Constante de desintegración radioactiva	λ
Idade do meteorito	t
Ecuacións	
Lei da desintegración radioactiva	$N=N_0\cdot e^{-\lambda\cdot t}$
Relación do período de semidesintegración coa constante de desintegración	$T_{½}\cdot\lambda = \ln 2$
Actividade radioactiva	$A = -\text{d}N / \text{d}t = \lambda \cdot N$

Solución:

a) Dedúcese a relación entre o período de semidesintegración e a constante de desintegración:
O período de semidesintegración dunha substancia radioactiva é o tempo que transcorre ata que só queda a metade da mostra orixinal. Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$.
Poñendo na ecuación logarítmica: (2 N) en lugar de N_0, e $T_{1/2}$ en vez de t, queda:

$$\ln(2\,N / N) = \lambda \cdot T_{1/2} \qquad \Rightarrow \lambda \cdot T_{1/2} = \ln 2$$

Calcúlase o período de semidesintegración en segundos:

$$T_{1/2}=4{,}51\cdot 10^{9}\ [\text{anos}]\ \frac{365{,}25\ [\text{días}]}{1\ [\text{ano}]}\ \frac{24{,}0\ [\text{h}]}{1\ [\text{día}]}\ \frac{3600\ [\text{s}]}{1\ [\text{h}]}=1{,}42\cdot 10^{17}\text{ s}$$

Calcúlase a constante radioactiva a partir do período de semidesintegración:

$$\lambda=\frac{\ln 2}{T_{1/2}}=\frac{0,693}{1,42\cdot 10^{17}\,[\mathrm{s}]}=4,87\cdot 10^{-18}\ \mathrm{s}^{-1}$$

b) Calcúlase o tempo na ecuación da lei de desintegración radioactiva en forma logarítmica.

$$-\ln (N / N_0) = \ln (N_0 / N) = \lambda \cdot t$$

$$t=\frac{\ln(N_0/N)}{\lambda}=\frac{\ln(5,00\cdot 10^{12}/2,50\cdot 10^{12})}{4,87\cdot 10^{-18}\,[\mathrm{s}^{-1}]}=1,42\cdot 10^{17}\ \mathrm{s}=4,51\cdot 10^{9}\ \text{anos}$$

Análise: Posto que nese tempo a mostra reduciuse á metade, transcorreu 1 *período de semidesintegración que son* $4,51\cdot 10^9$ *anos.*

c) Os procesos de emisión de partículas son

$$^{238}_{92}\mathrm{U} \longrightarrow {}^{234}_{90}\mathrm{Th} + {}^{4}_{2}\mathrm{He}$$

$$^{234}_{90}\mathrm{Th} \longrightarrow {}^{234}_{91}\mathrm{Pa} + {}^{0}_{-1}\mathrm{e}$$

$$^{234}_{91}\mathrm{Pa} \longrightarrow {}^{234}_{92}\mathrm{U} + {}^{0}_{-1}\mathrm{e}$$

$$^{234}_{92}\mathrm{U} \longrightarrow {}^{230}_{90}\mathrm{Th} + {}^{4}_{2}\mathrm{He}$$

$$^{230}_{90}\mathrm{Th} \longrightarrow {}^{226}_{88}\mathrm{Ra} + {}^{4}_{2}\mathrm{He}$$

$$^{226}_{88}\mathrm{Ra} \longrightarrow {}^{222}_{86}\mathrm{Rn} + {}^{4}_{2}\mathrm{He}$$

Estas ecuacións cumpren as leis de conservación do número bariónico (ou número másico) e da carga eléctrica nos procesos nucleares.
Sabendo que unha partícula alfa é un núcleo de helio-4 ($\alpha = {}^{4}_{2}\mathrm{He}$) e unha partícula beta(-) é un electrón ($\beta^- = {}^{0}_{-1}\mathrm{e}$), o proceso pode resumirse na seguinte expresión:

$$^{238}_{92}\mathrm{U}\xrightarrow{\alpha}{}^{234}_{90}\mathrm{Th}\xrightarrow{\beta}{}^{234}_{91}\mathrm{Pa}\xrightarrow{\beta}{}^{234}_{92}\mathrm{U}\xrightarrow{\alpha}{}^{230}_{90}\mathrm{Th}\xrightarrow{\alpha}{}^{226}_{88}\mathrm{Ra}\xrightarrow{\alpha}{}^{222}_{86}\mathrm{Rn}$$

8. O período de semidesintegración do $^{90}_{38}\mathrm{Sr}$ é 28 anos. Calcula:
   a) A constante de desintegración radioactiva expresada en s^{-1}.
   b) A actividade inicial dunha mostra de 1 mg.
   c) O tempo necesario para que esa mostra se reduza a 0,25 mg.
   Datos: $N_A = 6{,}022\cdot 10^{23}\ \mathrm{mol}^{-1}$; masa atómica do $^{90}_{38}\mathrm{Sr}$ = 90 g·mol⁻¹. *(A.B.A.U. ord. 17)*
   Rta.: a) $\lambda = 7{,}84\cdot 10^{-10}\ \mathrm{s}^{-1}$; b) $A_0 = 5{,}25\cdot 10^{9}$ Bq; c) t = 56 anos.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Período de semidesintegración	$T_{½} = 28{,}0$ anos $= 8{,}84\cdot 10^{8}$ s
Masa da mostra	$m = 1{,}00$ mg $= 1{,}00\cdot 10^{-3}$ g
Masa atómica do $^{90}_{38}\mathrm{Sr}$	$M = 90{,}0\ \mathrm{g\cdot mol^{-1}}$
Número de Avogadro	$N_A = 6{,}022\cdot 10^{23}\ \mathrm{mol}^{-1}$
Incógnitas	
Constante de desintegración radioactiva	λ
Actividade inicial dunha mostra de 1 mg.	A_0
Tempo necesario para que a masa se reduza de 1 mg a 0,25 mg	t
Ecuacións	
Lei da desintegración radioactiva	$N=N_0\cdot \mathrm{e}^{-\lambda\cdot t}$
Relación do período de semidesintegración coa constante de desintegración	$T_{½}\cdot\lambda = \ln 2$
Actividade radioactiva	$A = -\mathrm{d}\,N / \mathrm{d}\,t = \lambda\cdot N$

Solución:

a) Dedúcese a relación entre o período de semidesintegración e a constante de desintegración:
A lei de desintegración radioactiva, que di que o número de átomos que se desintegran na unidade de tempo é proporcional á cantidade de átomos presentes, ($-\mathrm{d}N = \lambda\cdot N\cdot \mathrm{d}t$), pode expresarse como:

$$N=N_0\cdot \mathrm{e}^{-\lambda\cdot t}$$

N é a cantidade de átomos que quedan sen desintegrar ao cabo dun tempo t, N_0 é a cantidade inicial de átomos e λ é a constante de desintegración.
Obtense unha versión máis manexable da ecuación de desintegración radioactiva, $N=N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$, pasando N_0 ao outro membro, aplicando logaritmos neperianos e cambiando o signo:

$$-\ln (N / N_0) = \ln (N_0 / N) = \lambda \cdot t$$

O período de semidesintegración dunha substancia radioactiva é o tempo que transcorre ata que só queda a metade da mostra orixinal. Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$.
Poñendo na ecuación logarítmica: ($2 N$) en lugar de N_0, e $T_{1/2}$ en vez de t, queda:

$$\ln (2 N / N) = \lambda \cdot T_{1/2} \quad \Rightarrow \lambda \cdot T_{1/2} = \ln 2$$

Calcúlase o período de semidesintegración en segundos:

$$T_{1/2}=28{,}0 \text{ [anos]} \frac{365{,}25 \text{ [días]}}{1 \text{ [ano]}} \frac{24{,}0 \text{ [h]}}{1 \text{ [día]}} \frac{3600 \text{ [s]}}{1 \text{ [h]}}=8{,}84 \cdot 10^8 \text{ s}$$

Calcúlase a constante radioactiva a partir do período de semidesintegración

$$\lambda=\frac{\ln 2}{T_{1/2}}=\frac{0{,}693}{8{,}84 \cdot 10^8 \text{ [s]}}=7{,}84 \cdot 10^{-10} \text{ s}^{-1}$$

b) Calcúlanse cantos átomos hai en 1 mg de estroncio:

$$N=1{,}00 \cdot 10^{-3} \text{ g } {}^{90}_{38}\text{Sr} \frac{1 \text{ mol } {}^{90}_{38}\text{Sr}}{90{,}0 \text{ g } {}^{90}_{38}\text{Sr}} \frac{6{,}022 \cdot 10^{23} \text{ átomos } {}^{90}_{38}\text{Sr}}{1 \text{ mol } {}^{90}_{38}\text{Sr}} \frac{1 \text{ núcleo } {}^{90}_{38}\text{Sr}}{1 \text{ átomo } {}^{90}_{38}\text{Sr}}=6{,}69 \cdot 10^{18} \text{ núcleos } {}^{90}_{38}\text{Sr}$$

Despois calcúlase a actividade radioactiva:

$$A = \lambda \cdot N = 7{,}84 \cdot 10^{-10} \text{ [s}^{-1}] \cdot 6{,}69 \cdot 10^{18} \text{ [núcleos]} = 5{,}25 \cdot 10^9 \text{ Bq}$$

c) Calcúlase o tempo coa ecuación da lei de desintegración radioactiva:
Como a masa, m, é proporcional á cantidade de átomos, N: ($m = N \cdot M / N_A$), pódese obter unha expresión similar á lei da desintegración radioactiva, $N=N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$, multiplicando ambos os membros por (M / N_A):

$$N \cdot \frac{M}{N_A}=N_0 \cdot \frac{M}{N_A} e^{-\lambda t} \Rightarrow m=m_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

N_A é o número de Avogadro e M é a masa atómica do elemento.
Pasando m_0 ao outro lado e aplicando logaritmos:

$$-\ln (m / m_0) = \ln (m_0 / m) = \lambda \cdot t$$

Calcúlase o tempo necesario para que esa mostra se reduza a 0,25 mg.

$$t=\frac{\ln(m_0/m)}{\lambda}=\frac{\ln(1{,}00 \text{ mg } {}^{90}_{38}\text{Sr}/0{,}25 \text{ mg } {}^{90}_{38}\text{Sr})}{7{,}84 \cdot 10^{-10} \text{ [s}^{-1}]}=1{,}77 \cdot 10^9 \text{ s}=56 \text{ anos}$$

Análise: Posto que nese tempo a mostra reduciuse á cuarta parte = $(1/2)^2$*, transcorreron* 2 *períodos de semidesintegración que son* 56 *anos.*

● Enerxía nuclear

1. Para o núcleo de uranio, ${}^{238}_{92}\text{U}$, calcula:
   a) O defecto de masa.
   b) A enerxía de enlace nuclear.
   c) A enerxía de enlace por nucleón.
   Datos: $m({}^{238}_{92}\text{U})$ = 238,051 u; 1 g = $6{,}02 \cdot 10^{23}$ u; $c = 3 \cdot 10^8$ m·s⁻¹; m(p) = 1,007277 u; m(n) = 1,008665 u
   (A.B.A.U. extr. 18)
   Rta.: a) Δm =1,883 u = $3{,}128 \cdot 10^{-27}$ kg; b) $E_e = 2{,}81 \cdot 10^{-10}$ J/átomo; c) $E_{en} = 1{,}18 \cdot 10^{-12}$ J/nucleón.

Datos		***Cifras significativas: 3***
Masa:	uranio-238	$m(^{238}_{92}U) = 238{,}051$ u
	protón	$m(^{1}_{1}H) = 1{,}007277$ u
	neutrón	$m(^{1}_{0}n) = 1{,}008665$ u
Unidade de masa atómica		1 g = $6{,}02·10^{23}$ u
Velocidade da luz no baleiro		$c = 3{,}00·10^8$ m/s
Incógnitas		
Defecto de masa		Δm
Enerxía de enlace		E_e
Enerxía de enlace por nucleón		$E_{e\ n}$
Ecuacións		
Equivalencia masa enerxía de Einstein		$E = m \cdot c^2$

Solución:

a) O defecto de masa é a diferencia entre a masa do núcleo de uranio-238 e a suma das masas dos protóns e neutróns que o forman. O número de protóns é o número atómico, 92, e o de neutróns é 146, a diferencia entre o número másico 238 e o número de protóns 92.

$$\Delta m = m(^{238}_{92}U) - 92 \cdot m(^{1}_{1}H) - 146 \cdot m(^{1}_{0}n) = 238{,}051\ [u] - 92 \cdot 1{,}0073\ [u] - 146 \cdot 1{,}008665\ [u] = -1{,}883\ u$$

$$\Delta m = -1{,}883\ [u] \cdot \frac{1\ [g]}{6{,}02 \times 10^{23}\ [u]} \cdot \frac{1\ [kg]}{10^3\ [g]} = -3{,}13 \cdot 10^{-27}\ kg$$

b) A enerxía equivalente calcúlase coa ecuación de Einstein:

$$E_e = m \cdot c^2 = 3{,}13·10^{-27}\ [kg] \cdot (3{,}00·10^8\ [m/s])^2 = 2{,}81·10^{-10}\ J/átomo\ U$$

c) A enerxía de enlace por nucleón calcúlase dividindo entre o número de nucleóns:

$$E_{en} = \frac{2{,}81 \cdot 10^{-10}\ [J/átomo\,U]}{238\ [nucleóns/átomo\,U]} = 1{,}18 \cdot 10^{-12}\ J/nucleón$$

◊ CUESTIÓNS

● Física relativista

1. Unha nave espacial viaxa a unha velocidade uniforme 0,866 c relativa á Terra. Se un observador da Terra rexistra que a nave en movemento mide 100 m, canto medirá a nave para o seu piloto?:
   A) 50 m.
   B) 100 m.
   C) 200 m.
   Nota: c é a velocidade da luz no baleiro. *(A.B.A.U. ord. 24)*

Solución: C

A teoría da relatividade especial di que a lonxitude dun obxecto que se move a velocidades próximas as da luz, medida desde outro sistema en repouso, é menor que a que mediría un observador situado nese obxecto que se move. A lonxitude l' medida desde o sistema en repouso vén dada pola expresión:

$$l' = l \cdot \sqrt{1 - \frac{v^2}{c^2}}$$

Como o factor que contén a raíz cadrada é menor que 1, a lonxitude $l' < l$.
A contracción da lonxitude afecta só á medida da lonxitude que se move na mesma dirección, pero non á da altura, que é perpendicular á dirección do movemento.
Polo tanto, a lonxitude (da nave) para o piloto será maior.

Pódese aplicar a ecuación para determinar o valor:

$$l' = l \cdot \sqrt{1 - \frac{(0{,}866\ c)^2}{c^2}} = l \cdot \sqrt{1 - \frac{0{,}75 \cdot c^2}{c^2}} = l \cdot \sqrt{0{,}25} = 0{,}5 \cdot l$$

$$l = \frac{100\ [\mathrm{m}]}{0{,}5} = 200\ \mathrm{m}$$

2. Unha muller situada na Terra observa que dúas naves espaciais, A e B, se dirixen cara a ela na mesma dirección e con sentidos opostos con velocidades 0,7 c e 0,6 c respectivamente. A velocidade relativa da nave A medida por unha observadora pertencente á nave B é:
A) 1,3 c
B) 0,9 c
C) 0,1 c

(A.B.A.U. ord. 23)

Solución: B

Segundo a relatividade especial, a velocidade relativa entre dous obxectos en movemento non se pode calcular simplemente sumando ou restando as súas velocidades, como se faría na mecánica clásica. No seu lugar, débese usar a fórmula de composición de velocidades de Einstein:

$$v = \frac{v_1 - v_2}{1 - \frac{v_1 \cdot v_2}{c^2}}$$

Nesta ecuación v é a velocidade relativa entre os dous obxectos, v_1 e v_2 son as súas velocidades medidas por un observador externo e c é a velocidade da luz.
Neste caso, a muller na Terra observa que as naves A e B diríxense cara a ela con velocidades de 0,7 c e −0,6 c respectivamente (o signo negativo indica que a nave B desprázase en dirección oposta á da nave A). A velocidade relativa a nave A medida por un observador pertencente á nave B pódese calcular utilizando a fórmula de Einstein:

$$v = \frac{0{,}7\,c - (-0{,}6\,c)}{1 - \frac{0{,}7\,c \cdot (-0{,}6\,c)}{c^2}} = \frac{1{,}3\,c}{1{,}4} = 0{,}9\,c$$

3. Un astronauta viaxa nunha nave espacial con velocidade constante $\overline{\boldsymbol{v}}$ respecto a un observador que está en repouso na Terra. O astronauta mide a lonxitude l (que coincide coa dirección de $\overline{\boldsymbol{v}}$) e a altura h da nave. As medidas da lonxitude l' e altura h' que fai o terrícola serán:
A) $l' < l$ e $h' < h$.
B) $l' < l$ e $h' = h$.
C) $l' > l$ e $h' > h$.

(A.B.A.U. ord. 22)

Solución: B

A teoría da relatividade especial di que a lonxitude dun obxecto que se move a velocidades próximas as da luz, medida desde outro sistema en repouso, é menor que a que mediría un observador situado nese obxecto que se move. A lonxitude l' medida desde o sistema en repouso vén dada pola expresión:

$$l' = l \cdot \sqrt{1 - \frac{v^2}{c^2}}$$

Como o factor que contén a raíz cadrada é menor que 1, a lonxitude $l' < l$.
A contracción da lonxitude afecta só á medida da lonxitude que se move na mesma dirección, pero non á da altura, que é perpendicular á dirección do movemento.

4. Un astronauta (A) achégase a unha estrela cunha velocidade de 200 000 km/s e outro astronauta (B) distánciase da mesma estrela coa mesma velocidade coa que se achega o (A). A velocidade con que estes astronautas perciben a velocidade da luz da estrela é:
A) Maior para o astronauta (A) e menor para o (B).
B) Menor para o astronauta (A) e maior para o (B).
C) Igual para os dous astronautas.

(A.B.A.U. ord. 19)

Solución: C

O segundo postulado da teoría especial da relatividade de Einstein establece que a velocidade da luz no baleiro é constante e independente do sistema de referencia inercial desde o que se mida. Tampouco depende da velocidade relativa entre o observador e a fonte de luz.

5. Un vehículo espacial afástase da Terra cunha velocidade de 0,5 c (c = velocidade da luz). Desde a Terra envíase un sinal luminoso e a tripulación mide a velocidade do sinal obtendo o valor:
A) 0,5 c
B) c
C) 1,5 c

(A.B.A.U. extr. 22)

Solución: B

O segundo postulado da teoría especial da relatividade de Einstein establece que a velocidade da luz no baleiro é constante e independente do sistema de referencia inercial desde o que se mida. Tampouco depende da velocidade relativa entre o observador e a fonte de luz.

6. Medimos o noso pulso na Terra (en repouso) observando que o tempo entre cada latexo é de 0,80 s. Despois facemos a medida viaxando nunha nave espacial á velocidade de 0,70 c, sendo c a velocidade da luz no baleiro. De acordo coa teoría especial da relatividade, o tempo que medimos será:
A) 1,12 s
B) 0,57 s
C) 0,80 s

(A.B.A.U. ord. 20)

Solución: C

A teoría da relatividade especial predí que o tempo dun sistema que se move a velocidade moi alta relativa a un sistema en repouso, transcorre máis lentamente. A dilatación do tempo vén dada pola expresión:

$$\Delta t' = \frac{\Delta t}{\sqrt{1-\frac{v^2}{c^2}}}$$

Pero o tempo propio, medido por un observador situado dentro do sistema que se move, é o mesmo que se estivese en repouso. O principio de relatividade di que non se pode determinar mediante a experiencia se un sistema está en repouso ou está movéndose.

7. A ecuación de Einstein $E = m \cdot c^2$ implica que:
A) Unha masa m necesita unha enerxía E para poñerse en movemento.
B) A enerxía E é a que ten unha masa m cando vai á velocidade da luz.
C) E é a enerxía equivalente a unha masa m.

(A.B.A.U. extr. 21)

Solución: C

A ecuación de Einstein establece a relación entre masa e enerxía.

$$E = m \cdot c^2$$

E representa a enerxía dunha partícula e m é a súa masa. Masa e enerxía son aspectos equivalentes. Pódese dicir que E é a enerxía que se pode obter dunha masa m se se desintegrase.

● Física cuántica

1. Ilumínase o cátodo dunha célula fotoeléctrica cunha radiación de frecuencia $1{,}6\times10^{15}$ Hz e o potencial de freado é de 2 V. Se usamos unha luz de 187,5 nm, o potencial de freado será:
A) Menor.
B) Maior.
C) Igual.
DATO: $c = 3{,}0\times10^8$ m·s⁻¹. *(A.B.A.U. ord. 24)*

Solución: C

Cando a luz interactúa co metal da célula fotoeléctrica faino coma se fose un chorro de partículas chamadas fotóns (paquetes de enerxía).
Cada fotón choca cun electrón e transmítelle toda a súa enerxía.
Para que se produza efecto fotoeléctrico, os electróns emitidos deben ter enerxía suficiente para chegar ao anticátodo, o que ocorre cando a enerxía do fotón é maior que o traballo de extracción, que é unha característica do metal.
A ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico pode escribirse:

$$E_f = W_e + E_c$$

Na ecuación, E_f representa a enerxía do fotón incidente, W_e o traballo de extracción do metal e E_c a enerxía cinética máxima dos electróns (fotoelectróns) emitidos.
A enerxía que leva un fotón de frecuencia f é:

$$E_f = h \cdot f$$

h é a constante de Planck e ten un valor moi pequeno: $h = 6{,}63\cdot10^{-34}$ J·s.
A frecuencia dunha onda é inversamente proporcional a súa lonxitude de onda λ,

$$f = \frac{c}{\lambda}$$

Cuanto maior sexa a súa lonxitude de onda, menor será a frecuencia e menor será a enerxía do fotón.
A enerxía cinética máxima dos electróns emitidos será:

$$E_c = E_f - W_e$$

A enerxía cinética E_c máxima dos electróns escríbese en función do potencial de freado

$$E_c = |e| \cdot V$$

A ecuación de Einstein queda:

$$h \cdot f = W_e + |e| \cdot V$$

Por tanto, canto menor sexa a frecuencia da radiación, menor será a enerxía dos fotóns e a enerxía cinética e o potencial de freado dos electróns emitidos.
Co dato da velocidade da luz no baleiro, pódese calcular a frecuencia correspondente á lonxitude de onda de 187,5 nm:

$$f = \frac{c}{\lambda} = \frac{3\cdot10^8 \text{ m/s}}{187{,}5\cdot10^{-9} \text{ m}} = 1{,}6\cdot10^{15} \text{ Hz}$$

Como a frecuencia é a mesma, o potencial de freado tamén valerá o mesmo.

2. A teoría ondulatoria de Huygens sobre a natureza da luz vén confirmada polos fenómenos:
   A) Reflexión e formación de sombras.
   B) Refracción e interferencias.
   C) Efecto fotoeléctrico e efecto Compton.

(A.B.A.U. extr. 23)

Solución: B

A teoría ondulatoria de Huygens propón que a luz é unha onda que se propaga en todos os sentidos desde unha fonte luminosa. Esta teoría explica o fenómeno da refracción, que é o cambio de dirección e velocidade que sofre unha onda cando pasa dun medio a outro con diferente densidade. Tamén explica o fenómeno das interferencias, que é a superposición de dúas ou máis ondas que se cruzan, producindo zonas de reforzo e cancelación da luz. Estes fenómenos non poden ser explicados pola teoría corpuscular de Newton, que considera que a luz está formada por partículas. A teoría ondulatoria de Huygens foi confirmada experimentalmente por Young e Fresnel no século XIX.
As outras opcións:
A) Incorrecta. Estes fenómenos poden ser explicados tanto pola teoría ondulatoria como pola teoría corpuscular. A reflexión é o cambio de dirección que sofre unha onda ou unha partícula cando choca contra unha superficie. A formación de sombras é a ausencia de luz nunha zona onde un obxecto opaco impide o paso da luz.
C) Estes fenómenos contradín a teoría ondulatoria e apoian a teoría cuántica, que considera que a luz está formada por cuantos de enerxía chamados fotóns. O efecto fotoeléctrico é a emisión de electróns por un metal cando é iluminado por unha luz con suficiente enerxía. O efecto Compton é o cambio de lonxitude de onda que sofre un fotón cando colide con un electrón. Estes fenómenos demostran que a luz ten comportamento dual, ondulatorio e corpuscular, dependendo das circunstancias.

3. Ao irradiar un metal con luz vermella (682 nm) prodúcese efecto fotoeléctrico. Se irradiamos o mesmo metal con luz amarela (570 nm):
   A) Non se produce efecto fotoeléctrico.
   B) Os electróns emitidos son máis rápidos.
   C) Emítense máis electróns, pero á mesma velocidade.

(A.B.A.U. ord. 23)

Solución: B

Cando a luz interactúa co metal da célula fotoeléctrica faino coma se fose un chorro de partículas chamadas fotóns (paquetes de enerxía).
Cada fotón choca cun electrón e transmítelle toda a súa enerxía.
Para que se produza efecto fotoeléctrico, os electróns emitidos deben ter enerxía suficiente para chegar ao anticátodo, o que ocorre cando a enerxía do fotón é maior que o traballo de extracción, que é unha característica do metal.
A ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico pode escribirse:

$$E_{\mathrm{f}} = W_e + E_{\mathrm{c}}$$

Na ecuación, E_{f} representa a enerxía do fotón incidente, W_e o traballo de extracción do metal e E_{c} a enerxía cinética máxima dos electróns (fotoelectróns) emitidos.
A enerxía que leva un fotón de frecuencia f é:

$$E_{\mathrm{f}} = h \cdot f$$

h é a constante de Planck e ten un valor moi pequeno: $h = 6{,}63 \cdot 10^{-34}$ J·s.
A frecuencia, f, e a lonxitude de onda, λ, da luz son inversamente proporcionais:

$$f \cdot \lambda = c$$

c é a velocidade da luz.
Cando un fotón golpea un electrón nun metal, lle transfire a súa enerxía. Se esta enerxía é suficiente para vencer a forza de atracción do metal, emitirase o electrón. A enerxía mínima requirida para emitir un electrón dun metal chámase función de traballo do metal.

No enunciado da cuestión indícase que irradiando o metal con luz vermella (λ = 682 nm) prodúcese efecto fotoeléctrico. Isto significa que a enerxía dos fotóns de luz vermella é suficiente para superar a función de traballo do metal e emitir electróns.
Se irradiamos o mesmo metal con luz amarela (λ = 570 nm), os fotóns desta luz terán maior frecuencia (xa que a frecuencia é inversamente proporcional á lonxitude de onda e λ é menor) e por tanto maior enerxía ($E = h \cdot f$). Isto significa que os fotóns da luz amarela transferirán máis enerxía aos electróns do metal, que serán emitidos a maior velocidade. Por tanto, os electróns emitidos son máis rápidos.

As outras opcións:
A) Falso. Se ao irradiar o metal con luz vermella prodúcese efecto fotoeléctrico, tamén se producirá ao irradialo con luz amarela, xa que a enerxía dos fotóns de luz amarela é maior que a enerxía dos fotóns de luz vermella.
C) Falso. El número de electróns emitidos depende da intensidade da luz incidente, non da súa frecuencia ou lonxitude de onda. Por tanto, si irradiamos o metal con luz amarela e vermella de igual intensidade, emitiranse o mesmo número de electróns.

4. Un fotón de luz visible con lonxitude de onda de 500 nm ten un momento lineal de:
A) 0
B) $3{,}31\cdot10^{-25}$ kg·m·s⁻¹
C) $1{,}33\cdot10^{-27}$ kg·m·s⁻¹
DATO: $h = 6{,}63\cdot10^{-34}$ J·s *(A.B.A.U. ord. 21)*

Solución: C

A interpretación de Einstein do efecto fotoeléctrico demostrou que a luz se comporta como un chorro de partículas, chamadas fotóns, cuxa enerxía é proporcional á frecuencia:

$$E = h \cdot f$$

No efecto Compton, o fotón compórtase como unha partícula de momento lineal:

$$p=\frac{E}{c}=\frac{h\cdot f}{c}=\frac{h\cdot f}{\lambda\cdot f}=\frac{h}{\lambda}$$

Como xa estaba establecido que a luz se propaga como unha onda, propúxose que o comportamento era dual: nalgúns experimentos o comportamento da luz parece ser corpuscular e noutros, ondulatorio.
De Broglie propuxo que este comportamento dual tamén afecto a calquera partícula. Nalgúns casos o comportamento de certas partículas podería interpretarse como o de ondas cuxa lonxitude de onda asociada λ vén dada pola expresión:

$$\lambda=\frac{h}{p}=\frac{h}{m\cdot v}$$

h é a constante de Planck, m é a masa da partícula e v é a súa velocidade.
Tamén que nalgúns casos o comportamento das ondas podería interpretarse como o de partículas cun momento lineal:

$$p=m\cdot v=\frac{h}{\lambda}$$

Para o fotón de λ = 500 nm = $5{,}00\cdot10^{-7}$ m, o momento lineal valería:

$$p=m\cdot v=\frac{h}{\lambda}=\frac{6{,}63\cdot10^{-34}\ \text{J·s}}{5{,}00\cdot10^{-7}\ \text{m}}=1{,}33\cdot10^{-27}\ \text{kg·m·s}^{-2}$$

5. Un determinado feixe de luz provoca efecto fotoeléctrico nun determinado metal. Se aumentamos a intensidade do feixe incidente:
A) Aumenta o número de fotoelectróns arrancados, así como a súa enerxía cinética.
B) Aumenta o número de fotoelectróns arrancados sen se modificar a súa enerxía cinética.
C) O número de fotoelectróns arrancados non varía, pero a súa enerxía cinética aumenta.
(A.B.A.U. ord. 19)

Solución: B

Cando a luz interactúa co metal da célula fotoeléctrica faino coma se fose un chorro de partículas chamadas fotóns (paquetes de enerxía).
Cada fotón choca cun electrón e transmítelle toda a súa enerxía.
Para que se produza efecto fotoeléctrico, os electróns emitidos deben ter enerxía suficiente para chegar ao anticátodo, o que ocorre cando a enerxía do fotón é maior que o traballo de extracción, que é unha característica do metal.
A ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico pode escribirse:

$$E_f = W_e + E_c$$

Na ecuación, E_f representa a enerxía do fotón incidente, W_e o traballo de extracción do metal e E_c a enerxía cinética máxima dos electróns (fotoelectróns) emitidos.
A enerxía que leva un fotón de frecuencia f é:

$$E_f = h \cdot f$$

h é a constante de Planck e ten un valor moi pequeno: $h = 6{,}63 \cdot 10^{-34}$ J·s.

